

LÍNGUA GALEGA E LITERATURA

OPCIÓN 1

O próximo 8 de marzo, Día da Muller Traballadora, volveranse escoitar cifras, estadísticas e datos que non resultan sorprendentes. Nunca como agora se falou tanto de discriminación das mulleres no traballo e do aumento da violencia familiar. Pero non por iso son fenómenos recentes. As denuncias por discriminación e agresións son xa moeda corrente nunha sociedade que comeza a tomar conciencia da problemática da muller, pero só cando o bombardeo de asasinatos, malleiras e despedimentos improcedentes é tan grande fai imposible pecha-los ollos e os oídos ante unha situación aberrante e inxusta.

A *tópica* discriminación laboral da muller non é un invento dos colectivos feministas, anque si foron eles os primeiros en alza-la súa voz para denunciála. Segundo datos do Instituto Nacional de Emprego, en 1996, os homes gañaban unha media de 1.700 pesetas por hora traballada, mentres que no caso das mulleres esta cifra a penas chegaba ás 1.250 pesetas. Máis datos: un estudio feito por membros da Universidade Pompeu Fabra e da Universidade Politécnica de Cataluña revela que o home gaña ó redor dun 20 por cento máis cá muller. (...)

Un dos datos máis curiosos deste estudio catalán é que as maiores diferencias entre os salarios dun e doutro sexo se rexistra nas mulleres que posúen formación universitaria. Concepción Dancausa, directora do Instituto da Muller, considera que este fenómeno responde á falla de convenios colectivos nas empresas que contratan este tipo de persoal máis cualificado. Pola contra, nas fábricas e industrias, os salarios adoitan presentar menos diferencias debido á presión dos sindicatos.

Así as cousas, o ensino parece se-lo eido no que as mullexes o teñen máis doado á hora de logra-la igualdade. Mónica, unha funcionaria da Universidade compostelá, di que no seu posto de traballo, quizais por ser público, “non hai diferencias, tanto traballa un coma outro e todos cobrámo-lo mesmo”. Sen embargo, para ela, a discriminación seguirá existindo durante varias xeracións, porque, no fondo, “todo é un problema de educación”.

(Susana L. Carbia, 1998)

CUESTIÓNS

1. Resume brevemente o contido do texto e propón un título (1 PUNTO).
2. Fai un comentario crítico da seguinte frase do texto: “*a discriminación seguirá existindo durante varias xeracións, porque, no fondo, ‘todo é un problema de educación’*”. Extensión aproximada 10-15 liñas (2 PUNTOS).
3. Xustifica o acento gráfico das palabras que o levan no 3º parágrafo (ls. 14-19) (1 PUNTO).
4. Conxuga o futuro do subxuntivo e o pretérito do subxuntivo de *ser*, *ir*, *andar*, *dicir* e *facер* (1 PUNTO).
5. Expón a situación da lingua galega durante a dictadura do xeneral Franco (1939-1975). Extensión aproximada 10 liñas (2 PUNTOS).
6. A literatura popular na historia da literatura galega. Extensión aproximada 20 liñas (3 PUNTOS).

LÍNGUA GALEGA E LITERATURA

OPCIÓN 2

“Querido Moncho (permíteme a cordial proximidade), quero que te convenzas dunha cousa: non es ti só a sufrires neste mundo fracaso e incompreensión. Tamén a unha se lle quixo impedir sempre o control e o goberno de si mesma; e quíxoseme ver como problema cando só pretendía ser autónoma. Desde que entrei na escola, trataron de fanarme a independencia; nunca fun ben mirada porque nunca aceptei esa actitude falsa e aprobatoria do eterno lambecús, porque nunca logrei comportarme nas aulas como eles esperaban. Aí tes a razón do meu “fracaso”. ¿Ou non é tal fracaso, Profesor? Aprendín a me expresar dentro dunha corrección, moitas veces hipócrita e ridícula; embutín polos apuntes amarelos dalgún educador a *Celestina* e o *Hamlet* de Cunqueiro, pero de nada me servía porque me desprezaron unha e outra vez o meu propio xuízo sobre as cousas, como imposibilitándome de tomar por min calquera decisión para o futuro. Nunca trataron de ensinarme a pensar, senón máis ben o que tiña que pensar. Mesmo semellaba que me estaban a dicir constantemente: “Domésticate, Eva, sométete ó que digo e terás boas notas, acadarás o éxito”. Quixo adestráreme en que todo o debía facer para os demais, para outra persoa, e case logran converterme en inimiga de min mesma. Pero o medo e as ameazas non deron aniñado no meu centro. Non sei explicar cómo, porque as únicas palabras que oín xa desde o berce foron sometemento, conformismo, temor, docilidade, recompensa, mandamentos humanos e divinos: esquécete de ti e do teu xuízo, non debes apelar á túa conciencia... A cuestión, Guldrís amado, reside en que non sexas libremente”.

(Xesús Rábade Paredes: *A palabra secreta*)

CUESTIÓNS

1. Fai un resumo do contido do texto (1 PUNTO).
2. Redacta un comentario crítico sobre esta afirmación contida no texto: “Desde que entrei na escola, trataron de fanarme a independencia; nunca fun ben mirada porque nunca aceptei esa actitude falsa e aprobatoria do eterno lambecús, porque nunca logrei comportarme nas aulas como eles esperaban”. Extensión aproximada 10-15 liñas (2 PUNTOS).
3. Indica o timbre (aberto ou pechado) de e o tónicos nas seguintes palabras do texto: *quero* (1. 1), *cousa* (1. 2), *es* (1. 2), *só* (1. 2), *aprobatoria* (1. 5), *eterno* (1. 6), *ben* (1. 12), *Eva* (1. 13), *persoa* (1. 14), *foron* (1. 16) (1 PUNTO).
4. Explica o significado das seguintes palabras ou expresións: *fanarme* (1. 4), *hipócrita* (1. 8), *berce* (1. 16), *apelar* (1. 18) (1 PUNTO).
5. Fai exposición da situación actual da lingua galega no ensino. Extensión aproximada 10 liñas (2 PUNTOS).
6. A narrativa galega nas dúas últimas décadas. Extensión aproximada 20 liñas (3 PUNTOS).

LÍNGUA GALEGA E LITERATURA

OPCIÓN 1

Aínda non reaccionei. Unha especie de angustia golpéame no cerebro cada vez que percorro as liñas sobre papel periódico. En todo caso, coido que deberíamos estar asustados, e moito. Algo funciona mal, e estamos levando cara á autodestrución. Por moito que fuxa do pesimismo, non quedan alternativas. Menos a cada hora. ¿Como é posible que dous nenos, de once e trece anos, vestidos con roupas de camuflaxe (!) entren nunha escola e masacren os estudantes e profesores sen pestanexaren?

As cifras de violencia nos institutos e en centros de primaria nos Estados Unidos tamén teñen miolo. En case o sesenta por cento deles prodúcense a cotío pelexas con feridos, roubos e agresións. Nun dez por cento destas debemos sumar, a maiores, medio Código Penal en versión para todos os públicos: violacións, homicidios, torturas, tráfico de drogas, etcétera. Tal é o grao de brutalidade que xa resulta habitual a instalación na entrada dos colexios de detectores de metais para poder así confiscar pistolas ou navallas.

¿Onde poden estar as causas de sucesos como o que hoxe nos conmove? Temos varias explicacións. Evidentemente, moitos rapaces aprenderon a comportarse de xeito agresivo porque viron nos demais accións similares. Así, a violencia no fogar ou os programas de televisión teñen parte desa responsabilidade. Os maltratos a mulleres diante dos fillos e os propios castigos violentos a estes reproducense no futuro. A televisión, pola súa parte, axuda con debuxos animados, especialmente ó estilo manga, onde cada dez minutos de proxección, once son de loita. Nos EEUU sumaremos como outro factor engadido a facilidade para a consecución de armas de fogo, convertidas nun 'xoguete' máis.

Os pequenos son como esponxas e desaprender o adquirido é difícil. Por iso non está de máis aquela máxima pitagórica: educade os cativos para non terdes que castigar os maiores.

(Darío Janeiro, 1998)

CUESTIÓNS

1. Di cal é a idea principal deste texto e propón un título para o mesmo (1 PUNTO).
2. Comenta criticamente a frase: *Os pequenos son como esponxas e desaprender o adquirido é difícil. Por iso non está de máis aquela máxima pitagórica: educade os cativos para non terdes que castigar os maiores.* Extensión aproximada 10-15 liñas (2 PUNTOS).
3. ¿Hai no texto algún infinitivo conxugado? Se é así, indica o valor de número e persoa gramaticais. ¿Pódense substituír por infinitivos conxugados os que non o están no texto? (1 PUNTO).
4. *Autodestrución* (l. 3) e *pesimismo* (l. 4) son substantivos derivados. Analízaos morfoloxicamente, segméntaos e explica o significado dos afixos (prefixos ou sufixos). Pon un exemplo máis de cada un dos afixos (1 PUNTO).
5. A lingua galega na Idade Moderna. Extensión aproximada 10 liñas (2 PUNTOS).
6. Expón as características da cantiga de escarnio galego-portuguesa. Extensión aproximada 20 liñas (3 PUNTOS).

LÍNGUA GALEGA E LITERATURA

OPCIÓN 2

O pan e o viño dividen en mil anacos o carácter xeográfico e humano do chan galego, non separados, senón penetrándose e dividíndose en complicadas figuras. Para nós o pan é o *centeo*, e o viño, o da *cepa vella*, de cepa torta, coma osatura dun patriarca. En Ourense inda miramos as “americanas” como un fato de damiselas 5 neuróticas, vítimas do *surmenage* e necesitadas de todas as drogas para botar o viño. O centeo, cereal de inverno, pasa por tantas calamidades como o paisano que o procura. Aguanta xiadas, neves, chuvias, nace entre il, se chove moito, un lameiro de xaramagos, senradelas e gramas; cando está vizoso e alto, tremando co vento en ondas conmovidas, o paisano, sempre pesimista, di: “pasa moitas noites fora”. Recólleo con 10 cariño especial, porque é o recurso da facenda doméstica, xa polo gran que se garda na arca tradicional coma pola palla que serve para tapar a chouza, anoar o fachico e facer o leito para a paridura da porca. O paisano tenlle máis lei ao centeo que ao millo. Antes vivía de pan, castañas e viño. As castañas e o pan caracterizan os altos chans graníticos, abertos, de inverno duro, onde o cuco chega máis tarde, e a vida só vai ben 15 na horta do cura ou nos abrigos do pazo. O millo simboliza a alianza atlántica. Petulante, guapo, co seu pompón dominador e a sua exaltación sexual, contrasta coa castidade e modestia do centeo. É o presente das Américas ás terras húmidas de Europa: o seu ouro parente daquil lendario asolagado nas augas de Vigo.

O labrego do pan e do viño son moi diferentes; a agricultura das cepas require 20 unha coñecencia fonda das leis atmosféricas, un enxeño e unha técnica oportunistas: ao contrario do cultivo do centeo, máis suxeito a leis invariables.

(R. Otero Pedrayo, 1947 [*La Noche*, 23-XII-1947])

CUESTIÓNS

1. Ponlle ó texto un título que represente o seu tema principal (1 PUNTO).
2. Comenta criticamente as ideas presentes no texto (2 PUNTOS).
3. Sinala polo menos dez adxectivos cualificativos distintos do texto. Explica o significado de *neuróticas* (l. 5) e *vizoso* (l. 8) (1 PUNTO).
4. Conxuga o futuro do subxuntivo e o pretérito do indicativo de *ter* e *anoar* (1 PUNTO).
5. A formación da lingua galega: elementos constitutivos. Extensión aproximada 10 liñas (2 PUNTOS).
6. Otero Pedrayo e outros narradores da súa época. Extensión aproximada 20 liñas (3 PUNTOS).

CONVOCATORIA DE XUÑO

Segundo o acordado nas reunións do Grupo de Traballo, e de conformidade cos criterios establecidos anteriormente e comunicados ós diferentes centros de Bacharelato-LOXSE de Galicia, esta proba avaliarase consonte os seguintes criterios específicos de corrección:

OPCIÓN 1

Pregunta 1: 1 PUNTO.

Esta pregunta (xuntamente coa seguinte) pretende avalia-la comprensión do texto. Valorarase a exactitude, a claridade e a concisión na resposta, o mesmo para o resumo que para o título proposto. Non se admitirán como respostas válidas as paráfrases do texto.

Pregunta 2: 2 PUNTOS.

Ademais da comprensión do texto, nesta cuestión o alumno debe mostra-la súa madurez á hora de xulga-lo tema preguntado, así coma a súa capacidade de reflexión sobre el e, de maneira principal, a súa capacidade de expresar con eficacia e corrección as súas ideas. Valorarase a organización das ideas, a estruturación e a coherencia do texto, así coma a expresión lingüística nun rexistro adecuado, con variedade e propiedade semánticas e gramaticais (vocabulario, construcións sintácticas).

Pregunta 3: 1 PUNTO.

Nesta cuestión o alumno debe mostra-lo seu coñecemento dos principios de uso do acento gráfico. Por cada caso correctamente explicado 0.25 puntos. [*máis* (14,17), *catalán* (14), *posúen* (15), *formación* (15), *Concepción* (16), *fenómeno* (16), *á* (17,19), *fábricas* (18)].

Pregunta 4: 1 PUNTO.

Con esta pregunta quérese avalia-lo coñecemento que ten o alumno dos paradigmas dos verbos irregulares e -en menor medida- dos regulares. Por cada tempo ben conxugado concederáselle 0.10 puntos. Calquera erro invalida o paradigma correspondente.

Pregunta 5: 2 PUNTOS.

O alumno debe mostrar nesta cuestión o seu coñecemento dos procesos históricos recentes e, sobre todo, da realidade presente da lingua galega. Por unha parte valorarase que saiba extrae—los feitos e características principais desa realidade, e pola outra

que os expoña de maneira organizada, coherente, eficaz e axeitada.

Pregunta 6: 3 PUNTOS.

Esta pregunta pretende avalia-lo coñecemento que ten o alumno das etapas máis significativas da literatura galega. Espérase que o alumno sexa capaz de compendia-las ideas e feitos principais (correntes, características estético-literarias, etc.), sen caer na simple acumulación de datos concretos (nomes, datas, etc.). Por outra parte, valorarase que a exposición estea ben estruturada, expresada nunha lingua adecuada en rexistro, recursos expresivos, variedade e corrección.

OPCIÓN 2

Pregunta 1: 1 PUNTO.

Esta pregunta (xuntamente coa seguinte) pretende avalia-la comprensión do texto. Valorarase a exactitude, a claridade e concisión na resposta. Non se admitirán como respostas válidas as paráfrases do texto.

Pregunta 2: 2 PUNTOS.

Ademais da comprensión do texto, nesta cuestión o alumno debe mostra-la súa madurez á hora de xulga-lo enunciado preguntado; ademais, e de maneira principal, preténdese observa-la súa capacidade de expresar con eficacia e corrección as súas ideas. Valorarase a organización das ideas, a estruturación e a coherencia do texto, así coma a expresión lingüística nun rexistro adecuado, con variedade e propiedade semánticas e gramaticais (vocabulario, construcións sintácticas).

Pregunta 3: 1 PUNTO.

Con esta pregunta quérese avalia-lo coñecemento do alumno sobre a a compoñente fonética da lingua. Asignarase 0.10 puntos por cada proposta correcta: quEro (l. 1), cousa (l. 2), Es (l. 2), sÓ (l. 2), aprobatOria (l. 5), etErmo (l. 6), bEn (l. 12), Eva (l. 13), persoa (l. 14), foron (l. 16)

Pregunta 4: 1 PUNTO.

Nesta cuestión debe mostra-lo alumno o seu coñecemento da semántica do léxico galego. Por cada palabra correctamente explicada 0.25 puntos. Se só se dan sinónimos, e en número non inferior a dous, 0.10 puntos.

Pregunta 5: 2 PUNTOS.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN / CORRECCIÓN

O alumno debe mostrar nesta cuestión o seu coñecemento dos procesos históricos recentes e da realidade presente da lingua galega. Por unha parte valorarase que saiba extrae-los feitos e características principais dese proceso, e pola outra que os expoña de maneira organizada, coherente, eficaz e correcta.

Pregunta 6: 3 PUNTOS.

Esta pregunta pretende avalia-lo coñecemento que ten o alumno das etapas máis relevantes e dos xéneros da literatura galega. A pesar de tratarse dun

tema extenso, espérase que o alumno sexa capaz de compendia-las ideas e feitos principais (correntes e movementos principais, etapas, características principais, etc.), sen caer na acumulación de datos concretos (nomes, títulos, datas, etc.). Por outra parte, valorarase que a exposición estea ben estruturada, expresada nunha lingua adecuada en rexistro, recursos expresivos, variedade e corrección.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

Segundo o acordado nas reunións do Grupo de Traballo, e de conformidade cos criterios establecidos anteriormente e comunicados ós diferentes centros de Bacharelato-LOXSE de Galicia, esta proba avaliarase consonte os seguintes criterios específicos de corrección:

OPCIÓN 1

Pregunta 1: 1 PUNTO.

Esta pregunta (xuntamente coa seguinte) pretende avalia-la comprensión do texto. Valorarase a exactitude, a claridade e a concisión na resposta, o mesmo para a indicación da idea principal que para o título proposto. Non se admitirán como respostas válidas as paráfrases do texto.

Pregunta 2: 2 PUNTOS.

Ademais da comprensión do texto, nesta cuestión o alumno debe mostra-la súa madurez á hora de xulga-lo tema preguntado, así coma a súa capacidade de reflexión sobre el e, de maneira principal, a súa capacidade de expresar con eficacia e corrección as súas ideas. Valorarase a organización das ideas, a estruturación e a coherencia do texto, así coma a expresión lingüística nun rexistro adecuado, con variedade e propiedade semánticas e gramaticais (vocabulario, construcións sintácticas).

Pregunta 3: 1 PUNTO.

Nesta cuestión o alumno debe mostra-lo seu coñecemento dos principios de uso do infinitivo conxugado. Por cada cada forma conxugada correctamente analizada 0.20 puntos. Pola indicación correcta do carácter conxugable ou non conxugable dos

outros infinitivos do texto 0.10 puntos ata un máximo de 0.60. [*pestanexaren* (6), *terdes* (23). // *estar* (2), *sumar* (9), *poder* (12), *confiscar* (12), *estar* (13), *comportarse* (14), *desaprender* (22)].

Pregunta 4: 1 PUNTO.

Con esta pregunta quérese avalia-lo coñecemento que ten o alumno dos procesos de derivación afixal. Pola análise correcta dos dous substantivos 0.70 puntos (autodestrución: 0.40; pesimismo (0.30). Se analiza correctamente pero erra na indicación do significado dos afixos valorarase ata un máximo de 0.30 puntos (autodestrución: 0.20 ou 0.10; pesimismo: 0.10). Por cada novo exemplo correcto achegado, 0.10 puntos ata un máximo de 0.30.

Pregunta 5: 2 PUNTOS.

O alumno debe mostrar nesta cuestión o seu coñecemento dos procesos históricos recentes e, sobre todo, da realidade presente da lingua galega. Por unha parte valorarase que saiba extrae—los feitos e características principais desa realidade, e pola outra que os expoña de maneira organizada, coherente, eficaz e axeitada.

Pregunta 6: 3 PUNTOS.

Esta pregunta pretende avalia-lo coñecemento que ten o alumno das etapas máis significativas da literatura galega. Espérase que o alumno sexa capaz de compendia-las ideas e feitos principais (correntes, características estético-literarias, etc.), sen caer na simple acumulación de datos concretos (nomes, datas, etc.). Por outra parte, valorarase que a exposición estea ben estruturada, expresada nunha lingua adecuada en rexistro, recursos expresivos, variedade e corrección.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN / CORRECCIÓN

OPCIÓN 2

Pregunta 1: 1 PUNTO.

Esta pregunta (xuntamente coa seguinte) pretende avalia-la comprensión do texto. Valorarase a exactitude, a claridade e concisión na resposta. Non se admitirán como respostas válidas as paráfrases do texto.

Pregunta 2: 2 PUNTOS.

Ademais da comprensión do texto, nesta cuestión o alumno debe mostra-la súa madurez á hora de xulga-lo enunciado preguntado; ademais, e de maneira principal, preténdese observa-la súa capacidade de expresar con eficacia e corrección as súas ideas. Valorarase a organización das ideas, a estruturación e a coherencia do texto, así coma a expresión lingüística nun rexistro adecuado, con variedade e propiedade semánticas e gramaticais (vocabulario, construcións sintácticas).

Pregunta 3: 1 PUNTO.

Con esta pregunta quérese avalia-la capacidade do alumno para recoñece-las clases de palabras (neste caso concreto o adxectivo cualificativo). Tamén se avalia o coñecemento do léxico e da súa semántica. Pola definición correcta de cada un dos dous adxectivos, 0.25 puntos. Por cada adxectivo achegado, 0.05 puntos ata un máximo de 0.50 puntos. [*xeográfico* (1), *humano* (1), *galego* (2), *complicadas* (2), *vella* (3), *torta* (3), *neuróticas* (5), *vizoso* (8), *alto* (8), *pesimista* (9), *especial* (10), *doméstica* (10), *altos* (13), *graníticos* (14), *abertos* (14), *duro* (14), *atlántica* (15), *petulante* (16), *guapo* (16), *dominador* (16), *sexual* (16), *húmidas* (17),

lendario (18), *diferentes* (19), *fonda* (20), *atmosféricas* (20), *oportunistas* (20), *contrario* (21), *invariables* (21).]

Pregunta 4: 1 PUNTO.

Con esta pregunta quérese avalia-lo coñecemento que ten o alumno dos paradigmas dalgúns verbos regulares e irregulares. Por cada tempo ben conxugado concederáselle 0.50 puntos. Calquera erro invalida o paradigma correspondente.

Pregunta 5: 2 PUNTOS.

O alumno debe mostrar nesta cuestión o seu coñecemento dos procesos históricos recentes e da realidade presente da lingua galega. Por unha parte valorarase que saiba extrae-los feitos e características principais dese proceso, e pola outra que os expoña de maneira organizada, coherente, eficaz e correcta.

Pregunta 6: 3 PUNTOS.

Esta pregunta pretende avalia-lo coñecemento que ten o alumno das etapas máis relevantes e dos xéneros da literatura galega. A pesar de tratarse dun tema extenso, espérase que o alumno sexa capaz de compendia-las ideas e feitos principais (correntes e movementos principais, etapas, características principais, etc.), sen caer na acumulación de datos concretos (nomes, títulos, datas, etc.). Por outra parte, valorarase que a exposición estea ben estruturada, expresada nunha lingua adecuada en rexistro, recursos expresivos, variedade e corrección.